

### ROGOS E PREGUNTAS

➤ Rogo: Esiximos a **retirada da Orde de 23 de xuño de 2011**, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes. Non contestaron.

➤ Rogo: Demandamos un **proceso de negociación** que garanta a estabilidade laboral do **profesorado interino**. Non contestaron.

➤ Rogo: **PTs e ALs en EP**: Nestas especialidades, como parte das medidas dos recortes indiscriminados que se están a aplicar, están a obrigar a docentes a traballar nestas especialidades de PT e AL sen a cualificación necesaria. Resulta inconcebible o tratamento que a Consellaría reserva ao alumnado que precisa de especialistas de PT e AL, e indigna o cinismo co que argumentan constantemente que coas medidas que están a tomar buscan mellorar a atención á diversidade. No STEG indígnanos a situación na que coloca ás mestras e aos mestres que nomeou por estas especialidades sen teren a formación acaída, que sen dúbida están a vivir con tensión e frustración unha situación da que tamén son vítimas. Desde o STEG esiximos á Consellaría que nomee profesorado especialista de PT e AL en todos aqueles centros nos que a praza estea ocupada por docentes sen a especialidade correspondente, mantendo o resto do curso a estes docentes coa praza no centro, pola especialidade da que si son titulares. Non contestaron.

➤ Rogo: **Desvío para a concertada de cartos para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**. Rogamos que non se volvan a convocar axudas como as que se convocaron por medio da Orde 24/08/2011 (DOG do 07/09/2011) pola que se resolve a convocatoria de axudas a centros privados concertados para atención ao alumnado con neae, cunha contía que ascendeu a **218.414,26** euros, considerando que nos centros públicos se traballa con ese alumnado sen cartos a maiores. Non contestaron.

➤ Rogo: **Preescolar na casa**. Solicitamos desta Consellería que non se inhiba sobre este particular e faga todo o posible para axudar a manter este proxecto que atende a máis de 4.000 familias, que está na maioría dos concellos galegos, que defende a importancia educativa dos primeiros anos e que salienta o papel imprescindible de nais e pais na educación dos máis pequenos, apostando, ademais, polo valor da cultura e da lingua galegas xa que se atopa nunha situación crítica, cun ERE debido ao enorme descenso das subvencións coas que subsistía. Queremos lembrar, por último, que no ano 1982, o Parlamento de Galiza aprobou unha resolución non de Lei na que se declaraba de interese a PNC e se instaba ao goberno a apoiar e a financiar a PNC “con obxecto de dispor dos necesarios recursos financeiros” para realizar o seu labor. Non contestaron.

➤ Pregunta: **Redución da xornada lectiva ao abeiro do artigo 105 da LOE**. Queremos saber cando se vai traer á Mesa sectorial a redución da xornada lectiva para os maiores de 55 anos prevista no artigo 105 da LOE; rematou o período de implantación (24 de maio do 2011) da LOE e non está regulado en Galiza. Neste contexto no que nos atopamos, non vai haber negociacións ao respecto.

➤ Pregunta: **Permutas**. Ao respecto das permutas, están a aplicar un decreto (o que regulará a cobertura de diversas prazas en réxime de comisión de servizos –traído a esta mesa o 10 de xuño de 2011-), onde son nomeadas como “comisións de servizos a petición recíproca”, que aínda non saíu no DOG e ás cales non pode acceder o profesorado interino? Denunciamos esta situación por canto esta Orde non saíu no DOG. O Decreto está en tramitación; por outra banda, teñen un informe de legalidade negativo da asesoría xurídica ao respecto de conceder permutas a profesorado interino.

#### Tamén falouse de:

- Cifra de docentes que hai menos este curso respecto ao pasado. Xa contestou o Conselleiro no Parlamento.
- Denuncia da modificación dos perfís dalgunhas prazas (máis horas da afín que da especialidade). Antes de nomear persoal interino e deixar sen traballo a persoal funcionario, nomean ao persoal funcionario polas especialidades que sexan.
- Para cando as axudas para dinamización lingüística? Non contestaron.
- Por que só se chama dous días á semana para cubrir as baixas? As baixas cúbrense igual que o curso pasado. Cúbrense as superiores a 15 días, agás excepcións (unitarias e algún caso que aleguen as xefaturas territoriais). A resposta da Consellería falta á verdade posto que o ano pasado chamaban tres días á semana para cubrir as baixas.